

## Información de interese para as familias sobre as instrucións emitidas pola Consellería.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **DIRECTRICES XERAIS.**

- **Durante o terceiro trimestre os centros docentes continuarán coa atención educativa ao alumnado**, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, **de modo non presencial ou, de ser o caso, presencial, en función das recomendacións que diten as autoridades sanitarias**. Ditas actividades estarán adaptadas á idade e características do alumnado, así como á situación excepcional que están a vivir.
- **As actividades lectivas** que se desenvolven durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020, sempre condicionadas polo que dispoñan as autoridades sanitarias, **non se estenderán máis alá das datas establecidas na Orde do 20 de xuño de 2019**, pola que se aproba o **calendario escolar** para o curso 2019/2020 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Os centros educativos organizarán os seus recursos de apoio para favorecer na medida do posible a axeitada atención ao alumnado con necesidades educativas especiais**, favorecendo o seu acceso ao currículo por medio da adaptación dos instrumentos, tempos e apoios que aseguren una adecuada atención e avaliación deste alumnado. Porase, asemade, especial coidado na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo
- **Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación** das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado.
- **Avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación** de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, **sempre e cando beneficie ao alumnado.**
-

- **A promoción de curso será a norma xeral** en todas as etapas, **considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional**, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna

## **DIRECTRICES POR ENSINANZAS**

### **1.- EDUCACIÓN INFANTIL**

- **Os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse** atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumno ou alumna e á consecución dos obxectivos da etapa. A continuidade do proceso de **promoción á Educación Primaria non poderá verse prexudicada pola situación de actividade non presencial**, en ningún caso, agás para o alumnado con necesidades educativas especiais para o que se considere moi conveniente a permanencia un ano máis nesta etapa, sempre previo informe do departamento de orientación e o acordo dos proxenitores.

### **2.- EDUCACIÓN PRIMARIA**

- **Os centros educativos flexibilizarán e adaptarán os criterios de avaliación** previstos para cada curso, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso. **Estes criterios de avaliación**, que terán carácter diagnóstico e formativo, **permitirán as adaptacións necesarias** das programacións didácticas **do seguinte curso 2020-2021**, para incorporar aqueles obxectivos, contidos e aprendizaxes que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non fosen abordados.
- **Os centros poderán realizar actividades de avaliación do terceiro trimestre**, que terán en todo caso carácter diagnóstico, **polo mesmo mecanismo co que cada centro viñese comunicándose co seu alumnado** no desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe **desde a suspensión da actividade presencial**.

